XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 881997654
conselloescolar@edu.xunta.es

CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN SEIS CURRÍCULOS DE TÍTULOS PROFESIONAIS BÁSICOS

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 20 de decembro de 2016, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establecen seis currículos de títulos profesionais básicos:

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional básica que superen os 15 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
2. Proponse a inclusión dunha disposición transitoria co seguinte texto: **"A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos"**.

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés